

# IES de Cacheiras

## Reunión coas familias de ESO Curso 2017-2018

**“Onde hai educación, non hai distinción de clases.”**

Confucio

**“Só as persoas que teñen recibido educación son libres.”**

Epicteto, Discursos, libro II Cap.. II, sec.23

**“A vida debe ser unha constante educación.”**

Flaubert, Pensées, 208

**“O verdadeiro obxecto da educación, coma o de calquera outro proceso moral, é producir felicidade.”**

W. Godwin, Of. awakening The mind

**“A educación pública non pode dar bos resultados senón coa condición de que sexa a familia quen a prepare, a sosteña e a complete.”**

O. Gréard,, Extraits de sés lettres, avis, entretiens et proverbes sur l'education (1884)

**“Es mejor que aprender mucho el aprender cosas buenas.”**

J. Hernández, La vuelta de Martín Fierro 32, estr.3



Rúa Costenla 36, Cacheiras  
15833 Teo -A Coruña-  
☎ 881 86 64 73 📠 FAX 881 86 64 80  
[ies.cacheiras@edu.xunta.es](mailto:ies.cacheiras@edu.xunta.es)

### PÁXINA WEB

Nela poderán atopar información do seu interese (impresos de secretaría, horarios, libros de texto, actividades complementarias e extraescolares,...):

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescacheiras/>

### PÁXINA WEB

Nela poderán atopar información do seu interese (impresos de secretaría, horarios, libros de texto, actividades complementarias e extraescolares,...):

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescacheiras/>

## PROFESORADO DE 2º E.S.O. GRUPO C

VALORES ÉTICOS	LEIS CARLÉS, ALEJANDRO
MÚSICA	PINTOS TESTA, MARÍA
XEOGRAFÍA E HISTORIA	FERNÁNDEZ NÚÑEZ, SANTIAGO
FÍSICA E QUÍMICA	GARCÍA PALMOU, Mª LUISA
LINGUA GALEGA E LIT	ROMERO BEDATE, IGNACIO
INGLÉS	DAVILA ROMERO, AMADOR
LINGUA CASTELÁ E LIT	GONZÁLEZ BUDIÑO, MÓNICA
EDUC. FÍSICA	VIÑA VÁZQUEZ, MARÍA CARMEN
MATEMÁTICAS	PINTOS TESTA, MARÍA
TECNOLOXÍA	GARCÍA GONZÁLEZ, CARLOS MIGUEL
REFORZO EXENTOS 2ª L.	GARCÍA CASTRO, MARÍA CARMEN
FRANCÉS	MUJICO VALIÑO, CONCEPCIÓN
REFORZO LINGUAS	MACEIRA FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL
L'ORAL	MUJICO VALIÑO, CONCEPCIÓN

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A orientación educativa constitúe un elemento inherente á propia educación, inseparable de toda acción educativa e que afecta ao conxunto de toda a comunidade escolar (profesores, pais, alumnos, centro). É o marco institucional onde se articulan as funcións de orientación e tutoría, así como unha oferta curricular adaptada e diversificada.

O Departamento de Orientación asesora e orienta sobre aspectos relacionados co desenvolvemento persoal, académico e profesional dos rapaces. Nel podedes atopar e demandar información sobre moitos aspectos de interese, que poden axudar aos vosos fillos e fillas.

**O Orientador chámase Xoan Ugarte Otero,  
Teléfono: 881866478 (preferible cita previa)**

titor, avisará a un membro do equipo directivo. Na hora de garda o alumno deberá manter unha actitude correcta ademais de dedicala a traballos escolares.

É responsabilidade do titor comunicar ás familias as ausencias ou faltas de puntualidade inxustificadas. Cando as faltas teñan que ser comunicadas por escrito, as familias deberán devolver o resguardo da notificación asinada á maior brevidade posible. Este resguardo en ningún caso xustificará as faltas comunicadas.

A acumulación de faltas sen xustificar, poderá motivar a imposibilidade da aplicación ordinaria dos criterios xerais avaliación nunha área ou materia. O titor asegurarse de que as familias sexan informadas, advertíndoos deste feito e das sancións que se poden impoñer por acumulación de faltas inxustificadas. Tamén será informado o Orientador no caso en que se deba por en marcha o protocolo de absentismo.

## TRANSPORTE ESCOLAR

Os autobuses deixarán ao alumnado diante da entrada do instituto na súa chegada ao centro. Todo o alumnado que baixe dos autobuses debe entrar inmediatamente no recinto do IES.

Á hora de saída da xornada lectiva, os autobuses van estacionar en fila diante do instituto, o alumnado sairá ordenadamente do recinto unha vez estean estacionados os seus autobuses respectivos, e non antes. Subirán directamente ao seu autobús, que estará identificado co número de ruta para evitar confusións.

**Pídese ás familias** respectar dúas cuestións básicas:

- 1) Non se pode estacionar diante do instituto, salvo nas prazas expresamente habilitadas. Pero pódese usar a plataforma de aparcadoiro na que no pasado curso agardaban os autobuses.
- 2) Non se pode circular entre a plataforma de aparcadoiro e o seguinte cruce da pista desde antes da saída do alumnado e ata unha vez que marchen os autobuses.

encargado dela (levantando as cadeiras do chan na última hora da mañá ou da tarde).

**NO TEMPO DE LECER. COLABORAMOS:** respectando o traballo dos grupos que están na clase. Cumprindo a lexislación vixente respecto ao consumo de tabaco, favorecendo así a nosa saúde e a dos demais; solicitando o uso do teléfono de conserxería se precisamos contactar coas nosas familias (lembra que o uso do móbil está restrinxido no centro, pódelo usar só nos recreos unha vez que saias do edificio); comendo e bebendo na zona da cafetería, nos patios ou na zona do vestíbulo principal; nunca levamos comida ou bebida á zona de aulas; empregando as papeleiras para botar o lixo, colaborando co coidado do medio ambiente e facilitando o traballo do persoal encargado da limpeza; agardando a que soe o timbre para acceder ás aulas, e estando atentos para chegar co tempo suficiente ás clases logo dos recreos.

## OUTRAS NORMAS DE CONVIVENCIA

As condutas prexudiciais para a convivencia do centro están recollidas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, (DOG 15/07/2011).

Os alumnos deben **colaborar no mantemento da limpeza do centro**. Non facelo será considerado como conduta contraria ou prexudicial para a convivencia do centro.

O alumnado ten a **obriga de respectar o material do centro e responsabilizarse del**. En caso de producir desperfectos, terá que facerse cargo do seu custo económico. Cando non sexa posible determinar con exactitude a autoría dos danos, será o grupo responsable da aula e do seu material o que se fará cargo da reparación económica de forma solidaria e conxunta.

Cando falte un/unha profesor/a, o alumnado deberá esperar na aula ao profesorado de garda, que pasará lista. En caso de que o profesorado de garda se retrase o delegado, ou na súa ausencia o subdelegado ou o alumno ou alumna designado polo profesorado



HORARIO - GRUPO

- ESO - 2 - C

Titora PINTOS TESTA, MARÍA

	Lunes	Martes	Miercoles	Jueves	Viernes
08:45-09:35	Mat MPT	REx2L MCGC 2Fr CMV	Mat MPT	REx2L MCGC 2Fr CMV	XeHi SFN
09:35-10:25	FQ MLGP	LGeL IRB	EF MCVV	Mat MPT	VaEt ALC
10:45-11:35	XeHi SFN	FQ MLGP	FQ MLGP	XeHi SFN	Mus MPT
11:35-12:25	TEct CMG Tec CMG	Ingl ADR	TEct CMG Tec CMG	Ingl ADR	Mat MPT
12:45-13:35	EF MCVV	RefLin XMMF OralFr CMV	LGeL IRB	LGeL IRB	TECi CMG TEct CMG
13:35-14:25	LCeL MGB	Mat MPT	Ingl ADR	Tit MPT	LCeL MGB
16:30-17:20		Mus MPT			
17:20-18:10		LCeL MGB			

### Hora de atención da titora aos pais (previa petición de cita):

**Luns de 9:35 a 10:25**

As cuestións xerais que afecten ao alumnado deben ser tratadas no ámbito da titoría, aínda que para comentar situacións excepcionais tódolos profesores teñen unha hora de atención a pais. Esta pode ser consultada na páxina web ou na conserxería do centro en horario lectivo.

## DÍAS NON LECTIVOS

<b>OUTUBRO:</b>	12 de Outubro Día da Festa Nacional de España.
<b>NOVEMBRO:</b>	1 de Novembro Día de Todos os Santos
<b>DECEMBRO:</b>	6 de Decembro Día da Constitución Española 7 de Decembro Día do Ensino 8 de Decembro Día da Inmaculada
<b>NADAL:</b>	Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro (incluídos)
<b>ENTROIDO:</b>	12, 13 e 14 de febreiro
<b>SEMANA STA:</b>	Do 24 de Marzo ao 2 de Abril (incluídos).
<b>MAIO:</b>	1 de Maio Día da Festa do Traballo 17 de Maio Día das Letras Galegas 10 e 18 posibles días non lectivos (Conc. Teo)

## AVALIACIÓNS

As seguintes datas son orientativas:

<b>1ª Avaliación:</b>	18, 19 e 20 de decembro
<b>2ª Avaliación:</b>	20, 21 e 22 de marzo
<b>Avaliac. final ordinaria:</b>	finais de xuño
<b>Avaliac. final extraordinaria:</b>	primeiros de setembro

Logo de cada avaliación os alumnos reciben un **boletín de notas informativo** para as familias, que tanto na 1ª coma na 2ª avaliación deberá ser **asinado e devolto ao titor ou titora**.

**Horario de Secretaría:** Días lectivos 9:30 a 14:00 horas.  
Mes de xullo: 10:00 a 13:00 horas.

## ABALARMÓBIL

Trátase dunha aplicación que ofrece a Xunta de Galicia, coa finalidade de aumentar o acercamento entre o profesorado e as familias. Pódese instalar tanto no teléfono móbil como nunha tablet, e permite consultar información sobre os seus fillos (faltas de asistencia, xustificación das mesmas, cualificacións,...).

A descarga desta aplicación faise dende Apple store (se o sistema operativo é IOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android). Pódese acceder á instalación desta aplicación dende a Páxina WEB do centro.

## CONVIVENCIA EN POSITIVO

A convivencia é a condición básica da disciplina, como esta o é da aprendizaxe. Precísase da colaboración de todos os membros da comunidade educativa para crear un clima propicio co fin de acadar os obxectivos propostos.

Poderíamos resumir a colaboración que se pide ao alumnado nos seguintes puntos:

**RESPECTO PARA TODOS. COLABORAMOS:** sendo respectuosos con todos os membros da comunidade educativa, cultivando a urbanidade e a cortesía no trato: saudándonos, empregando unha linguaxe axeitada, escoitando con atención as opinións dos demais, evitando comentarios inapropiados ou burlas.

**ASISTENCIA E PUNTUALIDADE-. COLABORAMOS:** sendo puntuais nas clases e nos actos organizados polo centro. A asistencia é obrigatoria; xustificando de antemán as ausencias ou retrasos previstos, empregando o modelo que se facilita en conserxería. Advertindo das non previstas cunha chamada a conserxería por parte do pai, nai ou titor legal e entregando ao/á titor/a o modelo de xustificante ao volver ás clases; dirixíndonos directamente á clase cando chegamos tarde, pedindo permiso para entrar e xustificando o retraso ao profesorado e posteriormente, por escrito, ao/á titor/a.

**BO AMBIENTE DE TRABALLO. COLABORAMOS:** aproveitando as clases, para o que é preciso: atención, interese, estímulo, traballo e orde; permanecendo na aula nos cambios de clase, para estar dispostos a comezar a seguinte clase en canto entre o profesor ou profesora na aula; se temos que nos desprazar polo instituto, facéndoo con orde, procurando camiñar con axilidade e falando baixo para non dificultar o traballo doutros grupos; se temos que saír da aula de xeito excepcional, solicitando permiso previamente. Sempre ao profesorado que entra, non ao que sae; deixando a aula ordenada para o seguinte grupo que a vaia usar, ou para que resulte máis sinxela a tarefa da limpeza ao persoal

- **Titulará** o alumnado que teña avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura, e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas.

A estes efectos:

- 1) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
- 2) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

**Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregárase un consello orientador que incluírá unha proposta do equipo docente do itinerario máis adecuado para seguir.**

## MATERIAS PENDENTES

Cada Departamento propón ao alumnado **actividades de recuperación** (exercicios e/ou exames) que na meirande parte son obrigatorias. As datas pónense en coñecemento do alumnado, ademais de ser expostas no taboleiro correspondente. É especialmente importante a recuperación destas materias, xa que se teñen en **conta á hora da promoción e titulación do alumnado.**

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Sinopse dalgunha das actividades programadas para este curso:

### Primeiro trimestre

actividade	lugar	data	cursos previstos
Xogade Carboeiro e Toxa	Varios Merza	Out/novembro	1º /2º/3º ESO
Númax (film v.o.)	Santiago	Por determinar	2º ESO
Teatro	Ramallosa	Outubro	3º/4º ESO
			1º/2º Bach.

### Segundo trimestre

actividade	lugar	data	cursos previstos
Petroglifos	Teo	Por determinar	1º ESO
Esquí	Villablino	Xaneiro/febreiro	3º ESO
Olimpiada de Filosofía	Santiago	Febrero	3º/4º ESO
Catedral e IGE	Santiago	Por determinar	1º/2º Bach.

### Terceiro trimestre

actividade	lugar	data	cursos previstos
Surf	Pendente	Maio	1º ESO
Viaxe Portugal	Pendente	Por determinar	1º/2º ESO
Punto de interese galego	Fragas Eume	Por determinar	3º/4º ESO
II olimpíada de tradución de textos clásicos.	Santiago	Abril	1º/2º Bach.

- ✓ As actividades extraescolares e complementarias enténdense coma un complemento do currículo e polo tanto unha prolongación das actividades que o profesorado desenvolve na aula cos alumnos. De aí que nos gustaría facerlles notar a súa pertinencia e importancia para a formación dos seus fillos e fillas.
- ✓ Ademais das saídas hai actividades permanentes, como os recreos activos, club de lectura e debate, teatro,... e outras como charlas, relatorios e exposicións.

- ✓ Tódalas actividades están organizadas ou coordinadas pola Vicedirección do centro en colaboración co profesorado e a petición do mesmo ou doutros organismos ANPA, Concello.
- ✓ Tódalas actividades organizadas polo centro e que sexan gratuítas terán carácter obrigatorio.
- ✓ Os alumnos que, sen ter xustificación para elo, non asistan á actividade poñeráselle falta de asistencia nas horas correspondentes, e estas terán a mesma transcendencia que as dunha clase ordinaria. O centro poderá neste caso reclamar, en caso de que haxa prexuízo económico, o gasto por alumno derivado da actividade.
- ✓ Todas as saídas fóra do centro irán obrigatoriamente acompañadas da pertinente autorización asinada polos pais. Nela, ofréceselles a información básica sobre o contido, o horario e a aportación económica que se debe facer no caso das actividades que supoñan algún custo para o alumno.
- ✓ É importante que sensibilicen aos seus fillos e fillas cara ao respecto pola organización das actividades, o cal supón:
  - Que se se comprometen a asistir a unha actividade cando son preguntados, manteñan ese compromiso salvo, por suposto, causas de forza maior que impidan a súa asistencia.
  - Que sexan respectuosos cos prazos de entrega de autorizacións e dos pagos (se é o caso), nas cales pode figurar unha data límite de entrega.
- ✓ Polo que se refire ao transporte, recórdaselles que no caso daquelas actividades onde o alumnado non teña servizo de transporte escolar á súa chegada ao centro, son os pais (ou en quen eles deleguen) os responsables de vilos recoller na hora acordada. Cómpre recordar igualmente que a chegada é ao centro e que non se farán outras paradas que non sexan aquí.

## **PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN XUÑO**

### **Promoción en 1º, 2º e 3º de ESO:**

- **Promocionará** o alumnado que teña cualificación positiva en todas as materias (incluídas as pendentas).

### **Titulación en 4º de ESO:**

- **Titulará** o alumnado que teña cualificación positiva en todas as materias (incluídas as pendentas).

## **PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN SETEMBRO**

### **Promoción en 1º, 2º e 3º de ESO:**

- Alumnado non repetidor con máis de dúas materias suspensas (incluídas as pendentas): **non promociona.**
- Alumnado non repetidor con dúas materias suspensas que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas **non promociona.**
- Alumnado con dúas ou menos materias suspensas (incluídas as pendentas): **promociona** (sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas).
- Alumnado repetidor con máis de dúas materias suspensas (incluídas as pendentas): **promociona** decidíndose se é o caso algunha medida de atención ás súas necesidades educativas.

### **Titulación en 4º de ESO:**

- **Titulará** o alumnado que teña cualificación positiva en todas as materias (incluídas as pendentas).